

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

ORDE do 24 de marzo de 2025 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería (código do posto PR.C99.10.006.32001.003).

De conformidade co establecido no artigo 92 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e nos artigos 25 e 26 do Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico, e no uso das atribucións conferidas polo artigo 17.2.c) da citada lei,

DISPOÑO:

Primeiro. Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, o posto de traballo que se indica no anexo I desta orde.

Segundo. Poderá concorrer a ela o persoal funcionario de carreira que reúna as condicións que para o posto de traballo se sinalan no anexo I.

Terceiro. As solicitudes, segundo o modelo que se inclúe no anexo II, dirixiranse á Secretaría Xeral Técnica da Consellería da Presidencia, Xustiza e Deportes e presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado correspondente ao procedemento administrativo PR004A, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, no prazo de quince (15) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as persoas interesadas que presenten a súa solicitude presencialmente serán requiridas para que a emenden a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerase data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.



Cuarto. As persoas solicitantes deberán unir á petición o seu currículo e xustificar documentalmente os méritos que aleguen.

Quinto. No caso de que resulte seleccionada para ocupar o posto de traballo que se anuncia no anexo I desta orde unha persoa con destino noutra Administración pública, requirirase o informe favorable do órgano competente da súa administración de orixe, de conformidade co previsto no artigo 29 do Decreto 151/2022, do 4 de agosto.

Sexto. A resolución desta convocatoria publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e poderase declarar deserto o posto de traballo, se se considera oportuno.

Sétimo. O prazo de toma de posesión do novo destino será de tres días hábiles se non implica cambio de residencia ou de sete días hábiles se comporta cambio de residencia. Cando a persoa adxudicataria do posto obteña coa súa toma de posesión o reingreso ao servizo activo, o prazo será dun mes, de conformidade co establecido no artigo 8 do Decreto 151/2022, do 4 de agosto.

O prazo posesorio empezará a contarse a partir do día seguinte ao do cesamento, que se deberá producir dentro dos tres días hábiles seguintes ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*, ou desde a data en que se comunique a resolución do traslado á Comunidade Autónoma, para o caso do persoal funcionario doutras administracións públicas.

Se a resolución comporta o reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión deberase computar desde o día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Oitavo. Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición, ante o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou poderán impugnalas directamente, ante o xulgado do contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2025

Diego Calvo Pouso
Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes

CVE-DOG: sijzsy61-dyx1-qqn7-jxf5-yssogsqwpz01



ANEXO I

Denominación do posto: secretario/a fiscal xefe provincial.

Código: PR.C99.10.006.32001.003.

Corpo ou escala: A1 (xeral)/TPA (tramitador procesual e administrativo).

Grupo/subgrupo: C1, C2.

Nivel: 20.

Tipo de adscrición: A13: adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado, CC.AA. e Administración de xustiza.

Formación específica: 640 para persoal doutra Administración, curso de perfeccionamento de galego (R.I.).

Centro directivo ou dependencia: Unidade de Apoio á Fiscalía Superior (Ourense).

Localidade: Ourense.

CVE-DOG: sijzsy61-dyx1-qqn7-jxf5-yssogsqwpz01





Nuestros corpos	Años	Meses	Días
.....			
.....			
.....			
.....			
No actual posto de traballo			

Títulos académicos:

Coñecemento da lingua galega	Fala	Escrebe	Entende
------------------------------	------	---------	---------

Outros méritos que deban facerse constar de acordo coas bases da convocatoria:

.....

.....

.....

Outros méritos que o/a candidato/a desexe facer constar:

.....

.....

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade á cal se diñxe esta solicitude, escrito ou comunicación
Finalidades do tratamento	Provisión de posto de traballo
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha obrigaón legal segundo a normativa xeral e sectorial referida en https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos
Destinatarios dos datos	Os datos deberán ser comunicados á Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal e publicados no <i>Diario Oficial de Galicia</i>
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, limitación e supresión dos seus datos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

(Lugar, data e sinatura)

Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

